

Mércores, 6 de marzo de 2019

Núm. 46

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **PROVINCIAL**

#### **DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

##### **Subvencións e axudas**

*EXTRACTO DE APROBACION DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “DEPO AVENTURA A LANZADA” PARA O ANO 2019*

*EXTRACTO DEL ACUERDO DE LA JUNTA DE GOBIERNO DE LA DIPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DE 22 DE FEBRERO DE 2019 POR EL QUE SE APRUEBAN LAS BASES REGULADORAS DEL PROGRAMA “DEPO AVENTURA A LANZADA” PARA EL AÑO 2019*

*BDNS(Identif.): 442438*

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8.la) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS): <http://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/index>.

### **1. Personas participantes**

Podrán participar niñas y niños que cumplan los siguientes requisitos:

- Haber nacido entre 2006 y 2011 (ambos incluidos)
- Estar empadronadas o empadronados en la provincia de Pontevedra
- No padecer ninguna enfermedad infecto-contagiosa en fase activa

Podrán participar menores en situación de tutela o guarda por parte de la Administración que se encuentren en acogimiento residencial en un centro de la provincia de Pontevedra.

En el caso de menores que necesiten un apoyo específico derivado de algún tipo de diversidad funcional o de otra patología, esta circunstancia deberá hacerse constar en el “cuestionario de salud y autonomía personal”, en el que se detallarán de la forma más precisa posible sus necesidades específicas.

### **2. Objeto**

La institución provincial, con el objeto de promover y fomentar el desarrollo personal y social de las y los jóvenes y favorecer la comunicación y el dinamismo multicultural organiza el programa “Depo Aventura A Lanzada” 2019 y oferta 2.200 plazas en los campamentos de verano para menores de la provincia de Pontevedra.



Mércores, 6 de marzo de 2019

Núm. 46

Este programa lúdico-educativo incluye la programación y el desarrollo de actividades al aire libre relacionadas con la naturaleza, el arte, la cultura, el deporte y los juegos, entre otras, e introduce por primera vez actividades en lengua inglesa, con el fin de colaborar en la formación de las y los menores.

### 3. Legislación aplicable

Bases reguladoras aprobadas por acuerdo de la Junta de Gobierno de la Diputación de Pontevedra del 22 de febrero de 2019; Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones; Real decreto 887/2006, de 21 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley general de subvenciones; Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local; Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas locales; Ley 5/1997, de 22 de julio, de Administración local de Galicia; Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas; Ley 40/2015, de 1 de octubre, de régimen jurídico del sector público; Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, por el que se aprueba el Texto refundido de la Ley de contratos del sector público; Real decreto legislativo 1/2013, de 29 de noviembre, por el que se aprueba el Texto refundido de la Ley general de derechos de las personas con discapacidad y de su inclusión social; Bases de ejecución del vigente Presupuesto provincial.

### 4. Cuantía

La cuantía máxima disponible para llevar a cabo el programa “Depo Aventura A Lanzada” para el año 2019 es de doscientos cuarenta y ocho mil (248.000,00) euros.

### 5. Plazo de presentación

Será de 15 días hábiles contados a partir de la publicación del extracto de esta convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra (BOPPO).

### 6. Otros datos de interés

“Depo Aventura A Lanzada” 2019 se desarrollará entre los meses de junio y septiembre en 11 turnos de campamentos de 7 días de duración cada uno.

Número de plazas: el número total de plazas ofertadas para este programa es de 2.200, distribuidas de la siguiente forma:

- 1.885 plazas que serán adjudicadas por el procedimiento general.
- 315 plazas que serán adjudicadas por el procedimiento específico: plazas de reserva para menores en situación o riesgo de exclusión social, repartidas de la siguiente manera:
  - 260 plazas de reserva para menores en situación o riesgo de exclusión social de los ayuntamientos de la provincia de Pontevedra.



Mércores, 6 de marzo de 2019

Núm. 46

40 plazas de reserva asignadas a menores del Centro Príncipe Felipe dependiente de la Diputación de Pontevedra.

15 plazas para menores en situación de tutela o guarda administrativa de otros centros de la provincia de Pontevedra.

## 7. Forma de presentación de solicitudes:

Las solicitudes se presentarán preferiblemente por vía electrónica a través del formulario normalizado disponible en la Sede Electrónica de la Diputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, que, una vez cubierto, generará la solicitud en PDF que se deberá guardar para su presentación en la Sede Electrónica.

Para la presentación de las solicitudes la Sede Electrónica de la Diputación de Pontevedra admite los certificados electrónicos del sistema Cl@ve, que contempla la utilización de sistemas de identificación basados en claves concertadas (sistemas de usuario y contraseña) y certificados electrónicos (incluido el DNI-e).

Opcionalmente, podrán presentarse las solicitudes presencialmente en cualquiera de los lugares y registros establecidos en la normativa reguladora del procedimiento administrativo común, utilizando el formulario normalizado disponible en la Sede Electrónica de la Diputación de Pontevedra, que, una vez cubierto, generará la solicitud en PDF que deberá imprimirse y firmarse para su presentación presencial.

— La institución provincial ofertará la gestión de los campamentos a través de una empresa especializada en la materia, responsable de la ejecución, coordinación y evaluación del programa.

— El procedimiento de adjudicación de plazas será a través de sorteo público. En caso de que el número de solicitudes exceda el número de plazas ofertadas, desde la Diputación se elaborará la lista siguiendo el orden de prelación que se detalla en la base quinta.

— Cada persona podrá presentar una solicitud, en el modelo normalizado y con la documentación establecida en la base séptima.

## 8. Precio:

La Diputación subvenciona por el procedimiento general el 50 % del coste de la plaza. El importe del pago final que deberá efectuar la persona interesada es de: - 100 euros por plaza - 80 euros por plaza para menores de familias numerosas (descuento del 20 % sobre el precio) Estos precios incluyen todos los servicios del campamento, incluida la excursión al exterior.

Con el fin de conseguir la igualdad de oportunidades la institución provincial subvencionará el 100 % del precio de la plaza para promover la inclusión social de las niñas y niños de la provincia de Pontevedra.

Pontevedra, 04/03/2019

La presidenta, M.<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego



Mércores, 6 de marzo de 2019

Núm. 46

*EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DE 22 DE FEBREIRO DE 2019 POLO QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “DEPO AVENTURA A LANZADA” PARA O ANO 2019*

*BDNS(Identif.): 442438*

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS): <http://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/index>.

## 1. Persoas participantes

Poderán participar nenas e nenos que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter nacido entre 2006 e 2011 (ambos os dous incluídos)
- Estar empadroadas ou empadroados na provincia de Pontevedra
- Non padecer ningunha enfermidade infecto-contaxiosa en fase activa

Poderán participar menores en situación de tutela ou garda por parte da Administración que se atopen en acollemento residencial nun centro da provincia de Pontevedra.

No caso de menores que precisen un apoio específico derivado dalgún tipo de diversidade funcional ou doutra patoloxía esta circunstancia deberá facerse constar no “questionario de saúde e autonomía persoal”, no que se detallarán do xeito máis preciso posible as súas necesidades específicas.

## 2. Obxecto

A institución provincial, co obxecto de promover e fomentar o desenvolvemento persoal e social das rapazas e rapaces e favorecer a comunicación e o dinamismo multicultural organiza o programa “Depo Aventura A Lanzada” 2019 e oferta 2.200 prazas nos campamentos de verán para menores da provincia de Pontevedra.

Este programa lúdico-educativo inclúe a programación e o desenvolvemento de actividades ao aire libre relacionadas coa natureza, a arte, a cultura, o deporte e os xogos, entre outras, e introduce por primeira vez actividades en lingua inglesa, co fin de colaborar na formación da nosa mocidade.

## 3. Lexislación aplicable

Bases reguladoras aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra do 22 de febreiro de 2019; Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións; Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; Lei 5/1997,



Mércores, 6 de marzo de 2019

Núm. 46

de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público; Real decreto legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social; Bases de execución do vixente Orzamento provincial.

#### 4. Contía

A contía máxima dispoñible para levar a cabo o programa “Depo Aventura A Lanzada” para o ano 2019 é de douscentos corenta e oito mil (248.000,00) euros.

#### 5. Prazo de presentación

Será de 15 días hábiles contados a partir da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

#### 6. Outros datos de interese

“Depo Aventura A Lanzada” 2019 desenvolverase entre os meses de xuño e setembro en 11 quendas de campamentos de 7 días de duración cada unha.

Número de prazas: o número total de prazas ofertadas para este programa é de 2.200, distribuídas do seguinte xeito:

- 1.885 prazas que serán adxudicadas polo procedemento xeral.
- 315 prazas que serán adxudicadas polo procedemento específico: prazas de reserva para menores en situación ou risco de exclusión social, repartidas do seguinte xeito:
  - 260 prazas de reserva para menores en situación ou risco de exclusión social dos concellos da provincia de Pontevedra.
  - 40 prazas de reserva asignadas a menores do Centro Príncipe Felipe dependente da Deputación de Pontevedra.
  - 15 prazas para menores en situación de tutela ou garda administrativa doutros centros da provincia de Pontevedra.

#### 7. Forma de presentación de solicitudes:

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, que, unha vez cuberto, xerará a solicitude en PDF que se deberá gardar para a súa presentación na Sede Electrónica.

Para a presentación das solicitudes a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de



Mércores, 6 de marzo de 2019

Núm. 46

identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNI-e).

Opcionalmente, poderán presentarse as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra, que, unha vez cuberto, xerará a solicitude en PDF que deberá imprimirse e asinarse para a súa presentación presencial.

— A institución provincial ofertará a xestión dos campamentos a través dunha empresa especializada na materia, responsable da execución, coordinación e avaliación do programa.

— O procedemento de adjudicación de prazas será a través de sorteo público. No caso de que o número de solicitudes exceda o número de prazas ofertadas, desde a Deputación elaborárase a lista seguindo a orde de prelación que se detalla na base quinta.

— Cada persoa poderá presentar unha solicitude, no modelo normalizado e coa documentación establecida na base sétima.

## 8. Prezo:

A Deputación subvenciona polo procedemento xeral o 50 % do custo da praza.

O importe do pagamento final que deberá efectuar a persoa interesada é de:

- 100 euros por praza
- 80 euros por praza para menores de familias numerosas (desconto do 20 % sobre o prezo)

Estes prezos inclúen todos os servizos do campamento, incluída a excursión ao exterior.

Co fin de acadar a igualdade de oportunidades a institución provincial subvencionará o 100 % do prezo da praza para promover a inclusión social das nenas e nenos da provincia de Pontevedra.

Pontevedra, 04/03/2019

A presidenta, M.<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego

